

Estimadas nais, pais e titores legais:

1. INICIO DE CURSO

O día 15 de setembro comezará o curso escolar 2021-2022. O horario será o de sempre, de 08:30 a 14:10 horas e o transporte escolar recollerá ao alumnado transportado nas paradas asignadas.

O alumnado entrará no centro, a medida que sexa chamado, por cursos e grupos. A organización de entradas, estancia nas aulas e saídas para ese día será a seguinte:

1º ESO

08:30 horas: recepción de todo o alumnado no comedor co equipo directivo (directora, vicedirectora, xefa de estudos e secretario), o departamento de orientación ao completo (orientadora, mestra de psicoloxía terapéutica e mestra de audición e linguaxe), e os titores de 1º ESO A e de 1º ESO B. Acto de benvida e presentación.

Posteriormente:

1º ESO-A subirá á súa aula co titor quen lle explicará detalladamente as normas de organización e funcionamento do centro e fará especial fincapé nas normas de protección, seguridade e hixiene. Entrega de horarios e explicación de como deben entrar, saír ao recreo, ir aos aseos, á biblioteca, á cafetería., etc. Entrega de ordenadores do programa Edixgal.

1º ESO-B fará un percorrido polo centro co titor para ver todas as instalacións e explicarlle as normas de uso durante este curso (zona de patio que teñen asignada para os recreos, portas de entrada e saída, sentido da circulación dentro do centro, aseos que teñen asignados, etc.

Cando o titor de 1º ESO-A remate de explicar as novas normas, fará o mesmo percorrido que xa fixo o alumnado de 1º ESO B. E o alumnado de 1º ESO-B, ao acabar o percorrido polo centro irá á aula ordinaria co titor.

10:10-10 horas: recreo. O alumnado sairá da aula como está establecido no plan de adaptación e irá aos patios que ten asignados (se necesita ir aos aseos irá aos aseos que ten asignados), pode pasar pola cafetería se quere comprar bocadillo, auga (de non traelos da casa).

10:30-12:10: Formación no uso da aula virtual, correo electrónico (crear unha conta se non teñen aínda, e anotar a que teñan) e videoconferencia (funcionamento das salas).

Enquisa ao alumnado de medios telemáticos dos que dispoñen na súas casas.

12:10-12:30: recreo

12:30-14:10: clase coa profesora/or da materia que teña no horario (presentación da programación facendo especial fincapé na metodoloxía e criterios e instrumentos de avaliación e cualificación).

Saída: Sairán polas portas que teñan asignadas. O titor acompañará ao alumnado transportado á parada de buses.

2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º FPB e 2º FPB

8:30-10:10 horas: recepción coa persoa titora quen lle explicará detalladamente as normas de organización e funcionamento do centro e fará especial fincapé nas normas de protección, seguridade e hixiene. Entrega de horarios e explicación de como deben entrar, saír ao recreo, ir aos aseos, á biblioteca, á cafetería., etc. Entrega de ordenadores ao alumnado de ESO do programa Edixgal e formación no seu funcionamento.

Enquisa ao alumnado de medios telemáticos dos que dispoñen na súas casas.

10:30-12:10 e 12:30-14:10: clase coa profesora/or da materia que teña no horario (presentación da programación facendo especial fincapé na metodoloxía e criterios e instrumentos de avaliación e cualificación).

Alumnado de 1º de bacharelato, 2º de bacharelato e 1º e 2º do ciclo medio de Sistemas Microinformáticos e Redes:

12:30-13:20: Recepción pola persoa titora quen recordará o protocolo Covid e zonas de entrada, saída e recreos asignada, entrega de horarios e enquisa ao alumnado de medios telemáticos dos que dispoñen na súas casas.

13:20-14:10: clase da materia asignada no horario.

O horario do centro durante este curso será o de sempre: de luns a venres de 08:30 horas a 14:10 horas e as tardes dos luns de 15:45 a 17:25 horas. Para o alumnado de Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes o horario das tardes será: os luns de 15:45 a 18:15 horas e os mércores de 15:45 a 18:15 horas.

2. PLANS DO CENTRO RELACIONADOS COA SITUACIÓN COVID-19

Na páxina web do centro estarán dispoñibles, ao longo do mes de setembro, para consulta da comunidade educativa, os seguintes documentos:

Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021-2022 no centro, no que se detallan:

- Medidas de prevención básicas (medidas xerais de protección individual e colectiva, medidas de limpeza do centro, xestión dos gromos..).

Entre as medidas de protección está o uso obrigatorio da máscara en todo momento, no interior e nos patios; o alumnado deberá traer unha máscara posta e ben axustada (hai máscaras hixiénicas que non tapan ben o nariz e facilitan as fugas de aire, polo que non son efectivas) e dúas de recambio, unha para cambiar ás 12:10 horas e outra por se fose necesario (rotura, máscara mollada...). En caso de utilizar máscaras FFP2 ou FFP3, estas teñen unha duración de 8 horas.

- Medidas de carácter organizativo (regulación de circulación e de entradas e saídas; medidas relativas ás familias e ANPAS; medidas xerais en relación co alumnado transportado e co uso do servizo de comedor; consideracións xerais na aula ordinaria e outros tipos de aulas; cambios de clase; uso de biblioteca; uso de aseos; medidas específicas para os recreos; medidas específicas para laboratorios; medidas específicas para o profesorado e normas en materia de reunións de órganos colexiados).

- Medidas de carácter formativo e pedagóxico (Educación en Saúde, aulas virtuais e ensino a distancia, normas específicas relativas a metodoloxías na aula virtual e programacións).

- Anexos

Plan de Continxencia:

- Actuacións diante da aparición dun abrocho.

- Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.

- Horarios no caso de docencia non presencial (actualizaranse na segunda quincena de setembro).

- Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.

Programacións didácticas de todos os departamentos das materias impartidas no centro, na que é de especial interese o apartado de avaliación, instrumentos e criterios de cualificación nos posibles escenarios, presencial e non presencial.

3. REUNIÓN COAS TITORAS E TITORES NO MES DE SETEMBRO

Durante a segunda quincena de setembro as titoras e titores de todos os cursos terán unha reunión presencial, de modo excepcional (xa que as titorías e reunións co profesorado non serán presenciais), coas nais e pais do alumnado.

Estas reunións terán lugar nas aulas do alumnado correspondente baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5 m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Hixiene de mans antes e despois da reunión
- Ventilación do espazo mentres dure a reunión

Recoméndase traer bolígrafo por se fose necesario cubrir algún impreso.

As datas e horas para cada curso e nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

CURSO	GRUPO	DÍA	HORA	LUGAR
1º ESO	A	20 SETEMBRO	17:30	AULA A-216
1º ESO	B	20 SETEMBRO	17:45	AULA A-212
2º ESO	A	21 SETEMBRO	16:00	AULA A-203
2º ESO	B	21 SETEMBRO	16:15	AULA A-207
3º ESO	A	22 SETEMBRO	16:00	AULA A-112
3º ESO	B	22 SETEMBRO	16:15	AULA A-213
4º ESO		23 SETEMBRO	16:00	AULA 004
1º BACHARELATO	A	27 SETEMBRO	16:00	AULA IDIOMAS
1º BACHARELATO	B	27 SETEMBRO	16:15	AULA A-210-211
2º BACHARELATO		28 SETEMBRO	16	AULA A-208

BACHARELATO

1º FPB	27 SETEMBRO	16:00	AULA A-110
2º FPB	27 SETEMBRO	16:15	AULA A-115
1º CM	28 SETEMBRO	16:15	AULA 007
2º CM	28 SETEMBRO	16:30	AULA A-104

A páxina web do centro: www.iescosmelopez.org será o principal portal de información e comunicación a nivel xeral. No portal haberá un espazo específico Covid. Toda a información ás familias será comunicada a través desta canle.

Para a comunicación coas familias priorizarase o uso da aplicación abalarmóbil, polo que se considera fundamental que todas as familias descarguen dita aplicación. Para as familias que non poidan ter a aplicación empregarase unha vía alternativa, que será o correo electrónico ou, en último lugar, o contacto telefónico).

A Rúa, 06 de setembro de 2021

A directora

M.^a Rosario Alonso Casas